

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA,
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 11.10.2019 Hora: 10:30

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 11 de outubro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Proposicións non de lei

- 1.1 46297 (10/PNC-003718)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia
Sobre a elaboración dun estudo respecto do impacto dos beneficios fiscais na economía galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 434, do 20.02.2019
- 1.2 49335 (10/PNC-003993)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co impacto que está a ter na economía a desigual distribución da ocupación no mercado laboral de Galicia e os resultados das políticas de emprego; en especial, no ámbito xuvenil
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019
Publicación do acordo, BOPG n.º 476, do 14.05.2019
- 1.3 51601 (10/PNC-004129)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia
Sobre a definición polo Goberno galego dunha estratexia consensuada coas empresas e sindicatos para acadar un aumento do peso dos salarios na distribución do produto interior bruto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 26.06.2019
- 1.4 51800 (10/PNC-004144)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa evolución que presenta a remuneración do factor traballo na economía de Galicia nos dez últimos anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 495, do 01.07.2019
- 1.5 55046 (10/PNC-004369)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de

emprego

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 528, do 11.09.2019

- 1.6 55232 (10/PNC-004389)
Grupo Parlamentario Mixto
Villares Naveira, Luis e 3 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co incremento que presentan as horas extraordinarias realizadas por persoas asalariadas no segundo trimestre de 2019 con respecto ao primeiro trimestre do ano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019

Punto 2. Dación de conta

- 2.1 Execución orzamentaria
- 2.2 56617 (10/ESEX-000013)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Execución orzamentaria segundo trimestre 2019
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 540, do 02.10.2019
- 2.3 Modificacións orzamentarias
- 2.4 55864 (10/MOP-000037)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias agosto 2019
Publicación, BOPG n.º 538, do 27.09.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2019

María Teresa Porrirt Lueiro

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
María Teresa Porritt Lueiro	S
Vicepresidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Secretario	
Gonzalo Trenor López	P

Vogais

Francisco Casal Vidal	M
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Jackeline Elizabeth Fernández Macías	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG
Pedro Puy Fraga	P
Julia Torregrosa Sañudo	GCE

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 46297(10/PNC-003718)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a elaboración dun estudo respecto do impacto dos
beneficios fiscais na economía galega

Publicación da iniciativa, 434, 20.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46297
Data envío: 13/02/2019 19:18:54.467



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.ª**.

Exposición de motivos

O Consello de Ministros acordou a toma de razón do Plan de Acción elaborado pola Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal (AIReF) para levar a cabo a segunda fase do proceso de revisión do gasto iniciado no ano 2018 e coñecido como *Spending Review*, que ten a súa orixe no compromiso asumido coa Comisión Europea o pasado 9 de decembro do ano 2016, dado o cumprimento á recomendación adoptada polo Consello da Unión Europea.

Nesta segunda fase, os beneficios fiscais son identificados como unha das áreas de revisión. Tal revisión permitirá coñecer a súa efectividade, algo especialmente relevante xa que a súa existencia supón unha diminución considerable dos ingresos tributarios do Estado.

O certo é que dende a Xunta de Galicia as bonificacións fiscais tamén son unha constante en tódolos orzamentos. Nos orzamentos do ano 2017 supuxeron un total de 553,4 millóns de euros, no orzamento do ano 2018 representaron un total de 405 millóns e nos actuais orzamentos aprobados, acadaron os 430 millóns de euros.

Sen embargo o que nunca se analizou foi o impacto que teñen tales bonificacións na propia dinámica de crecemento económico así como tampouco, o impacto que teñen sobre os ingresos públicos da Xunta de Galicia.

CSM-REXISTRO-0616161616
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46297
Data envío: 13/02/2019 19:18:54.467



Tendo en conta o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que encargue un estudo sobre o impacto dos beneficios fiscais na economía de Galicia ao correspondente Organismo Público, ben sexa de ámbito estatal ou autonómico.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 13/02/2019 18:53:13

Julia Torregrosa Sañudo na data 13/02/2019 18:53:24

Luis Villares Naveira na data 13/02/2019 18:53:41

CSV REXISTRO-bqkMqVrq=6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 49335(10/PNC-003993)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co impacto que está a ter na economía a desigual distribución da ocupación no mercado laboral de Galicia e os resultados das políticas de emprego; en especial, no ámbito xuvenil

Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019

Publicación do acordo, 476, 14.05.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2019 11:29:44
Nº Rexistro: 49335
Data envío: 23/04/2019 11:29:44.508

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, relativa ao impacto na economía da desigual distribución da ocupación do mercado laboral galego e o fracaso das políticas de emprego, especialmente no ámbito xuvenil.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con independencia do discurso conformista que abandeira o goberno galego, cada vez son máis preocupantes os datos respecto do mercado laboral galego e, particularmente, a participación das capas máis novas de idade.

En comparación co Estado español podemos observar como o mercado laboral galego ten unha menor taxa de ocupación nos grupos máis novos do punto de vista da idade. Desta forma, por exemplo no cuarto trimestre do 2018 a taxa de ocupación nas persoas menores de 19 anos era dun 0,3% do total de ocupados, fronte a un 0,7€ do total do estado. Se ben esta cuestión pode ter unha parte de lectura positiva se temos en conta que un volume importante desa franxa permanece no sistema educativo, o certo é que nestas idades en Galiza o 58,5% que quería traballar estaba en paro, segundo o portal de emprego da Xunta e iso devólvenos unha imaxe pouco satisfactoria.

Por outra banda, no grupo de 20 a 24 anos a taxa de ocupación galega estaba 1,2 puntos porcentuais por debaixo da taxa do estado (3,2% fronte a 4,4%) e a súa taxa de paro

CSM-REXISTRO0501 GxM09
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2019 11:29:44
Nº Rexistro: 49335
Data envío: 23/04/2019 11:29:44.508

era dun 31,3%. Podemos observar algo similar entre os 25 e 34 anos (17,9% fronte a 19,5%).

Finalmente, podemos sinalar que é só a partires dos 35 anos cando se iguala a taxa e a partires dos 45 anos a taxa de ocupados galega e superior a estatal aínda que se aproximan co paso do tempo.

Froito das mudanzas que foron operando no sistema económico e laboral a partir da época de recesión e das políticas aplicadas desde o Estado e mais desde a Xunta de Galiza, o panorama deixa unha situación complicada. Conforme vai pasando o tempo a porcentaxe de ocupados novos fronte ao total descende e vai aumentando o peso no total dos ocupados e ocupadas de máis idade, ao que se suma a terciarización da economía e o aumento da temporalidade.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego non podemos máis que insistir na nosa preocupación relativa ao impacto na economía da desigual distribución da ocupación do mercado laboral galego e o fracaso das políticas de emprego, especialmente no ámbito xuvenil.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Comisión 3ª:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Financiar nos próximos Orzamentos da Xunta de Galiza o Plan Retorna para impulsar a volta á Galiza da emigración galega deseñando, en diálogo coas organizacións sociais e xuvenís relevantes do país, políticas de fomento do emprego xuvenil coa finalidade de crear emprego estábel e unhas condicións laborais dignas, tendo como obxectivo prioritario a igualdade de condicións e oportunidades das mozas e dos mozos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2019 11:29:44
Nº Rexistro: 49335
Data envío: 23/04/2019 11:29:44.508

galegos. Elaborarase un informe anual que se remitirá ás organizacións participantes, ao Parlamento Galego e ao Consello Económico e Social para o seu seguimento.

2. Demandar de forma inmediata do goberno central as seguintes medidas:

a) Dotar a Galiza de capacidade plena para desenvolver o Marco Galego de Relacións Laborais.

b) Eliminar as Empresas de Traballo Temporal (ETT), a subcontratación en cadea e as falsas/os autónomas/os.

c) Reforzar o servizo público de emprego e garantir a cobertura a todas as persoas sen ocupación deseñando un Plan específico para a mocidade en canto non se transfira a capacidade plena na materia.

d) Estabelecer medidas básicas para poñer freo á temporalidade: Recuperar a causalidade na contratación, limitando a contratación parcial e temporal, e revisando os contratos en práctica e formación para evitar o seu uso como vía para precarización do emprego na mocidade.

e) Estabelecer a remuneración, co salario mínimo interprofesional, dos contratos formativos e de prácticas.”

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2019 11:29:44
Nº Registro: 49335
Data envío: 23/04/2019 11:29:44.508

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/04/2019 11:23:56

María Montserrat Prado Cores na data 23/04/2019 11:24:00

Ana Pontón Mondelo na data 23/04/2019 11:24:01

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/04/2019 11:24:03

Olalla Rodil Fernández na data 23/04/2019 11:24:04

Xosé Luis Bará Torres na data 23/04/2019 11:24:06



CSX: FEYJSTFR035oq1GxW09

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 51601(10/PNC-004129)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a definición polo Goberno galego dunha estratexia consensuada coas empresas e sindicatos para acadar un aumento do peso dos salarios na distribución do produto interior bruto

Publicación da iniciativa, 493, 26.06.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2019 13:26:43
Nº Rexistro: 51601
Data envío: 17/06/2019 13:26:43.670



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.^a**

Exposición de motivos

O Instituto Galego de Estatística acaba de publicar un estudo sobre os salarios en Galicia no que se reflicte unha caída moi intensa do peso das remuneracións dos asalariados no PIB de Galicia.

Polo exposto presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a definir unha estratexia consensuada con empresas e sindicatos para acadar un reparto máis equitativo da riqueza, o que implica un aumento do peso dos salarios na distribución do PIB.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2019

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

CSM-REXISTROZALUUX03
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramlas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2019 13:26:43
Nº Rexistro: 51601
Data envío: 17/06/2019 13:26:43.670



Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 17/06/2019 13:21:38

Julia Torregrosa Sañudo na data 17/06/2019 13:21:52

Luis Villares Naveira na data 17/06/2019 13:22:02

CSX: REXISTROZULUMG3
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 51800(10/PNC-004144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa evolución que presenta a remuneración do factor traballo na economía de Galicia nos dez últimos anos

Publicación da iniciativa, 495, 01.07.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O Instituto Galego de Estatística acaba de publicar o estudo sobre salarios. A remuneración do factor traballo na economía galega. Neste estudo os datos do Sistema de Contas Económicas de Galicia ofrecen unha perspectiva macroeconómica da remuneración do factor traballo na comunidade autónoma.

A remuneración de asalariados é unha compoñente do PIB, cando se analiza pola vía das rendas, que nos indica que parte do valor engadido bruto xerado por unha economía vai destinada a remunerar o factor traballo. O dito concepto inclúe a remuneración total, en efectivo ou en especie, a pagar por un empregador a un asalariado a cambio do traballo realizado por este durante o exercicio contable.

Neste estudo preséntase a evolución desta variable desde o ano 2000. Así, no que corresponde ao peso da remuneración dos asalariados no PIB, temos que en 2009 este peso representaba en Galicia un 48,0 %; inferior en 2,9 puntos porcentuais ao peso no conxunto do Estado (50,9 %) e 0,4 puntos respecto a UE (48,4 %); baixando en 2018 ata o 42,4 %, é dicir, perdendo 6 puntos porcentuais en 10 anos e incrementando a diferenza respecto do conxunto do Estado -4,7 puntos así como en relación coa UE28 en -5,2.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1ª) Elaborar un estudo sobre as causas que teñen levado á perda tan significativa do peso da remuneración do factor traballo na economía galega nestes 10 anos.

2ª) Negociar coas organizacións empresariais e as organizacións sindicais acordos que favorezan o incremento do peso da remuneración do factor traballo na economía galega para acadar, polo menos, o mesmo peso que no conxunto do Estado.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2019 12:13:29
Nº Registro: 51800
Data envío: 21/06/2019 12:13:29.988

Pazo do Parlamento, 21 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/06/2019 11:33:43

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/06/2019 11:34:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/06/2019 11:34:21

CSV REGISTRO: 60CUIK9
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 55046(10/PNC-004369)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego

Publicación da iniciativa, 528, 11.09.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55046
Data envío: 04/09/2019 14:11:03.515

Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga** e da súa deputada **Teresa Porritt Lueiro**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

A máxima preocupación das persoas, das familias en Galicia é **o emprego**. A cantidade e tamén a súa calidade.

Temos **as xeracións máis competentes da nosa historia**. As persoas esfórzanse para formarse, completan unha FP ou cursan un grao universitario e logo un mestrado –os que poden-. Ou acreditan doutros xeitos a súa profesionalización. O noso nivel sube, e debemos tender a que o faga aínda máis, porque é unha garantía de futuro.

¿**E logo que?** A dedicación e o esforzo chocan coa crúa realidade do mercado laboral. **Algúns**, os menos, teñen unha entrada prometedora no mercado laboral, con **estabilidade e bos salarios**. **Outros marchan**, seguramente os mais ousados, preparados ou con recursos. **E a maioría vense condenados á precariedade e á salarios demasiado baixos**. A ir dando tombos de contrato en contrato, nunha inestabilidade asfixiante, con ingresos que permiten dificilmente chegar a fin de mes, axudados por familiares ou pensionistas, sentindo que o seu esforzo e a súa formación non son adecuadamente recompensados. No último ano, de case 1 millóns de contratos en Galicia houbo mais de 900 mil contratos temporais.

Na recuperación **o emprego temporal medra a un ritmo tres veces superior ao indefinido**. Para as mulleres, peor. Para os menores de 30 anos practicamente **todo o emprego** creado nestes últimos anos é **temporal**. **Todo o emprego público creado desde 2014 é temporal**. De novo, **todo o emprego**. E isto si que depende directamente das políticas da Xunta de Galicia.

CSM-REXISTROXERAL-ENTRADA
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55046
Data envío: 04/09/2019 14:11:03.515

O Goberno galego ten que rectificar as súas políticas neste campo. **Creamos demasiado pouco emprego (un 8 % desde o segundo trimestre de 2013 ao segundo de 2019, cando en España as cifras máis que duplican a estas).**

A ocupación que se xera **non cumpre as condicións mínimas** de estabilidade e suficiencia salarial. Non ofrece boas oportunidades. **Condena á mocidade no presente e sacrifícaa no futuro**, porque o que sucede ao inicio condiciona toda a traxectoria laboral. E o **sector público autonómico compórtase aínda peor**. En vez de corrixir a tendencia á precariedade, agudízaa.

¿Como imos pedirlle á mocidade compromiso co futuro (formativo, social, político) se non lle ofrecemos un presente digno?

¿Como vai a Xunta de Galicia ter autoridade moral para dirixirse aos axentes privados para que combatan a precariedade se é un mal exemplo no sector público autonómico?

O cambio de políticas públicas é urxente. Na Administración da Comunidade Autónoma para ofrecer oportunidades satisfactorias á nosa mocidade. Nas políticas de emprego, para incidir en salarios e condicións laborais en favor dunha remuneración suficiente e unhas condicións dignas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Impulsar a inclusión na contratación pública de servizos ou obras **Cláusulas Sociais que contemplan condicións laborais dignas, mediante o diálogo social.**
2. **Impulsar un Plan de Choque para o Emprego Xuvenil** que colabore e complemente, tamén desde a perspectiva orzamentaria, as iniciativas do Goberno de España.
3. Impulsar un **Plan Retorna** e un **Plan de Atracción do Talento.**





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 16:30:00
Nº Registro: 55046
Data envío: 04/09/2019 14:11:03.515

4. Revisar as políticas de emprego na súa integridade para facelas mais eficaces, tanto no seu deseño como nas estruturas precisas para a súa posta en práctica.

Pazo do Parlamento, 04 de setembro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Teresa Porrirt Lueiro
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/09/2019 14:10:24

María Teresa Porrirt Lueiro na data 04/09/2019 14:10:37



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 55232(10/PNC-004389)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co incremento que presentan as horas extraordinarias realizadas por persoas asalariadas no segundo trimestre de 2019 con respecto ao primeiro trimestre do ano

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a través dos seus deputados e deputadas **Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 3ª** sobre o incremento dun 10,5% das horas extraordinarias non remuneradas realizadas polas persoas asalariadas con respecto ao primeiro trimestre do ano.

Exposición de motivos.

O Real Decreto-lei 8/2019, de 8 de marzo, de medidas urxentes de protección social e de loita contra a precariedade laboral na xornada de traballo veu instaurar un control sobre os horarios realizados polas persoas asalariadas no seu traballo.

A partir dese momento todas as empresas teñen que levar un rexistro da xornada laboral das persoas traballadoras.

Malia darse este rexistro da xornada, que o pretendía era o control daquelas horas extras que as persoas traballadoras realizaban sen que cobrasen nada por elas, é dicir, unha sorte de horas nas que a persoa traballadora non percebe nin salario nin ningún tipo de retribución, pero nas que as empresas si que obteñen lucro, de xeito directo e indirecto.

Asistimos a un incremento das horas extraordinarias realizadas no conxunto do Estado incrementáronse con respecto ao trimestre anterior.

Así, realizáronse no segundo trimestre do ano 2,9 millóns de horas extraordinarias do ano á semana polas que non cobraron nada. Isto supón un incremento de 10,5% respecto das efectuadas entre xaneiro e marzo, que non se producía desde o 2009. Como pode estar pasando isto?

Só o 51,6% das horas extra se pagan ás persoas traballadoras, segundo a Enquisa de Poboación Activa. E só medraron un 2,1% as horas extraordinarias pagadas no segundo trimestre. Por tanto, o resto son horas nas que as traballadoras non perciben nin un euro, pese a estar obrigados a traballar e tampouco se lles compensa este exceso con días de descanso. Polo tanto a factura sae gratis para as empresas e moi cara para o persoal traballador.

Segundo o IGE, en Galicia son 56700 as persoas traballadoras que exceden a xornada laboral pactada no contrato, non se especifica se se cobran ou non. Estas horas extraordinarias son 10.000 máis que entre abril e xuño do ano pasado e representan o 6,5% da poboación asalariada en Galicia cando no ano 2012 non acadaban o 4%.

Isto ten como explicación que a empresa prefere alongar a xornada do persoal que xa ten contratado no canto de contratar máis xente.

Por sectores: a maior parte das traballadoras que fan máis horas das pactadas por contrato concéntranse no sector servizos, industria, construción e no sector primario.





Segundo a EPA, son as traballadoras do campo os que máis tempo lle dedican ao traballo con 44 horas semanais, 10 máis que o promedio das asalariadas galegas que realizan 34,3 horas, aos que seguen as traballadoras das industrias extractivas con 39.9 horas e a hostalería con 38 horas.

Tampouco se pagan estas horas: só un de cada 15 persoas traballadoras galegas cobra polas horas extra que fai, 52.800 de máis de 812.200 asalariadas fixeron no primeiro trimestre do ano horas extraordinarias.

A existencia do autogoberno de Galicia xustifícase en acadar maiores cotas de benestar para o conxunto da súa poboación, moita dela conformada por persoas asalariadas, que neste momento están a realizar horas extras non remuneradas, o que constitúe un atentado aos seus dereitos laborais.

Unha inspección de traballo transferida á CA de Galicia permitiría un mellor control desta situación, máis próximo e adaptado ás necesidades de inspección do noso mercado laboral, e deste xeito acadar con máis eficacia unha retribución xusta das persoas traballadoras polo traballo realizado como asalariadas.

Por todo o exposto, o G.P. Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª

O Parlamento galego insta a Xunta a dirixirse ao goberno do Estado para:

“Iniciar un proceso de negociación que culmine co traspaso de competencias á Galicia en materia de Inspección de traballo, acompañado de recursos económicos e humanos suficientes, que permita realizar un control exhaustivo daquelas empresas que ampliaron horas extraordinarias non remuneradas, así como establecer os mecanismos de control necesarios para que non se dean casos de abuso empresarial ao persoal traballador.”

Santiago de Compostela, a 5 de setembro de 2019.

Asinado: Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Veroa, Davide Rodríguez Estévez e Pancho Casal Vidal, deputados e voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 05/09/2019 20:12:48

David Rodríguez Estévez na data 05/09/2019 20:12:53

Paula Vázquez Veroa na data 05/09/2019 20:13:00



CSV: REXISTROX34mlhkr7

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 55232
Data envío: 05/09/2019 20:21:54.857

Francisco Casal Vidal na data 05/09/2019 20:13:10

CSX, REGISTRO XERAL ENTRADA
Francisco Casal Vidal
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Dación de conta

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 Execución orzamentaria

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 Modificacións orzamentarias